



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Dar conta de escrito de renuncia de Montserrat Lama Novoa como concelleira.»
Data	21 de febreiro de 2019
Duración	Desde as 14:05 ata as 14:43 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	NON
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste a **Adxunta a Secretaría dona M.^a Dolores Fernández Salgado.**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación do carácter urxente da sesión:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Pola Presidencia xustifícase a urxencia da sesión pola necesidade de dar conta de escrito de renuncia de Montserrat Lama Novoa como Concelleira.

A urxencia resulta aprobada por unanimidade.

Expediente 988/2019. Toma de coñecemento do escrito de renuncia de Montserrat Lama Novoa de data 20 de febreiro de 2019 que foi recibido na Secretaría Municipal en data 20 de febreiro de 2019, e posterior remisión da certificación da Acta deste Pleno á Xunta electoral Central, para que expida a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Presidente expón que en data 20 de febreiro de 2019 se remitiu xunto coa convocatoria deste Pleno o escrito de **Montserrat Lama Novoa** polo que presentaba renuncia como concelleira da Corporación, motivo polo cal, é preciso solicitar á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular que segundo publicación

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 95 de data 28 de abril de 2015 é don Luís José Carrera Álvarez.

Seguidamente a **Sra. Secretaria** proceda a dar lectura do escrito de renuncia sendo este do seguinte teor literal:

“Montserrat Lama Novoa con DNI 44455043E, Concelleira de Comunicación, acolléndome ao establecido polo artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, presento a miña DIMISIÓN ao cargo que ostento no Concello de Xinzo de Limia.

En primeiro lugar quero agradecer ás traballadoras e traballadores do Concello polo bo trato e todas as mostras de agarimo e confianza que me levo comigo desde o ano 2011.

En segundo lugar, explicarlles que este paso é froito dunha decisión moio meditada, pero que, desde logo, é acertada, xa que cando un non está a gusto e deixa de compartir principios e valores co partido ao que representa, fai que se tomen este tipo de decisións.

Quero tamén manifestar o meu agradecemento ás compañeiras e compañeiros do grupo da oposición polo bo trato e respecto que sempre me brindaron.

Por outra banda, aos meus compañeiros de goberno, compañeiros de partido, agradecerlles infinitamente a súa mostra total de falta de empatía ante as inxustizas, mostras de acordo e faltas de respecto continuadas feitas polo seu "líder" cara á miña persoa.

E digo que agradezo esa falta de humanidade, porque só demostraron vostedes que poden chegar a ser persoas completamente anuladas, pisando e denigrando a unha compañeira, con tal de engrandecer e contentar ao seu "al capone", creando así unha pequena "Sicilia" no noso concello.

Este Concello non merece a vosa presenza neste Salón, seino, convivín con vostedes moitos anos e o único que conseguirán vostedes é deixar a este concello ao borde dunha "depresión".

Canseime de remar a contracorrente, canseime de intentar facer ver que as cousas se facían mal, canseime de que este Concello, a día de hoxe, siga GOBERNADO por un déspota, miserable e machista que nin a acta de concelleiro conta xa na súa vitrina de fechorías.

Deséxovos todo o bo na vida, pero para o ben deste Concello e da súa veciñanza, oxalá non pisen vostedes máis esta Institución. Grazas e sorte.

E para que así conste ós efectos oportunos, asino a presente en Xinzo de Limia, a 20 de febreiro de 2019."

A continuación ábrese a **quenda de intervencións**, a instancia do concelleiro Manuel Pérez Campos.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** indicando que no escrito de renuncia presentado pola concelleira MMontserrat Lama Novoa constátase o que vimos denunciando dende hai anos, motivo polo que deberían aforrar este calvario ós veciños e dimitir en bloque. Engade en relación á renuncia presentada que quen en tantos anos



Concello de Xinzo de Limia

foi parte do problema non pode pretender ser a solución. Remata a súa intervención pedíndolle ós veciños que tomen nota do acontecido e actúen consecuentemente nas vindeiras eleccións.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, manifestando que a renuncia de Montserrat Lama supón outro espectáculo dos moitos acaecidos no último ano por parte do PP en Xinzo, procedendo a facer unha relación sucinta das renuncias, ceses e tomas de posesión de diferentes membros do grupo de goberno, e critica asemade a política levada a cabo do mesmo no que vai de lexislatura (rúas sucias, non hai plan de obras, comercio afogado), finalizando a súa intervención desexando que o vindeiro 26 de maio a corporación teña un color político diferente.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para manifestar que estamos ante o enésimo lamentable espectáculo, agradecéndolle á concelleira Montserrat Lama Novoa as palabras de recoñecemento que lle dedicou á oposición no seu escrito de renuncia, engandindo que se a concelleira ten coñecemento dos feitos que denuncia debería dar un paso máis, e finaliza a súa intervención decindo que o concello de Xinzo está en malas condicións e que está segura de que se producirá un cambio na corporación.

Intervén o **Sr. Portavoz do Grupo de Goberno, Carlos Gómez Salgado**, indicando que non entra valorar o escrito de renuncia porque nel a Concelleira simplemente fixo uso do seu dereito a dimitir como xa aconteceu noutras ocasións. A continuación procede a criticar a cada un dos portavoces da oposición indicando que non son quens de dar leccións pois todos eles teñen ou tiveron problemas no pasado nos seus respectivos grupos, facendo unha exposición dos mesmos, o que motivou que os señores portavoces da oposición pedisen ó Sr. Alcalde que lles permitira intervir por alusións, realizando cada un a defensa do seu grupo.

Por último o **Sr. Alcalde** pecha a sesión decindo que a Sra. Concelleira Montserrat Lama Novoa está no seu dereito de deixar a acta e que está de acordo coa declaración que fixo de que fan falla mellores políticos en Ourense, engadindo que se alguén ten coñecemento de que non vai continuar nas listas non ten por qué pedir outro posto, pois este non é motivo para adicarse á política, rematando a súa intervención decindo que ninguén é imprescindible e que a vida continúa.

Deste xeito o pleno tomou coñecemento da renuncia de Montserrat Lama Novoa como concelleira da Corporación para posteriormente solicitar por escrito á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular que segundo publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 95 de data 28 de abril de 2015 é don Luís José Carrera Álvarez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112